

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Burguillo Rial, Juan C.
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Fernández Veiga, Manuel
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Pazos Arias, José Juan
Rodríguez Hernández, Pedro S.
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Sousa Vieira, Estela
Suárez González, Andrés

Liz Domínguez, Martín

ESCUSAN ASISTENCIA

Díaz Redondo, Rebeca P.
López Nores, Martín
López Escobar, Juan José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 30 de novembro de 2022, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na aula B003 da E.E. de Telecomunicación.

O 30 de novembro de 2022 ás 13:02 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 7 de setembro de 2022.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- A Comisión Permanente do 20 de setembro de 2022 informou favorablemente á solicitude de bolsa de colaboración de Jacobo López Valverde con máxima puntuación.
- Respecto a contratación de persoal docente non permanente, o director informa de que:
 - Está aprobada a lista de agarda para o segundo cuatrimestre.
 - Respecto ás prazas de asociado P4, P5 e P6:
 - Os profesores asociados Carlos Zamorano Pinal (P4), Judith S. Rodríguez Estévez (P5) e Carlos Rivas Costa (P6) tomaron xa posesión, ocupando os despachos B009, B505 e B007 respectivamente.
 - As prazas de asociado foron reclamadas e a CEA do departamento reuniuse e resolveu antes da data estipulada pola vicerreitoría de profesorado (26 de outubro). As últimas novas son que a comisión de reclamacións da Universidade reuniuse o 23 de novembro.
- Executouse o orzamento ó 100% cos gastos de dirección de flores en protocolo e substitución da fotocopidora no espazo de secretaría antiga; o resto, reparto proporcional por profesores estables, en gastos varios e transferencias de remanentes ós Contrato-Programa.
- O director insta a participar na enquisa en Moovi sobre reestruturación do grao.
- O secretario informa do estado da recolección de cambios para a web do departamento, agradecendo ós profesores Manuel Caeiro e Ana Fernández por localizar problemas nalgúns enlaces das páxinas persoais, que serán corrixidos nas de tódolos profesores.

3. Aprobación, se procede, de informes sobre actividade docente.

Apróbase, por asentimento, informar favorablemente sobre a actividade docente dos profesores Ana Fernández Vilas, Enrique Costa Montenegro, Juan Manuel Santos Gago, Luis Anido Rifón, Manuel

Fernández Veiga e Martín Llamas Nistal nos periodos solicitados dentro dos anos 2017–2022.

4. Aprobación, se procede, da delegación de informes sobre actividade docente na comisión permanente.

Apróbase, por asentimento, delegar de agora en diante na comisión permanente a emisión de informes sobre actividade docente.

5. Aprobación, se procede, de solicitudes de docencia en simultaneidade para o segundo cuadrimestre.

Ante a necesidade de consulta co Vicerreitor de Profesorado, retírase este punto da orde do día, adiandoo para un futuro Consello de Departamento en xaneiro, aínda en prazo para a súa aprobación.

6. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:16 do día 30 de novembro de 2022, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e prace do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. Luis E. Anido Rifón

Dr. D. Andrés Suárez González